

CATÁLOGO

CARPETA 08.CAT

FICHAS DOS ELEMENTOS CATALOGADOS

Informe da non procedencia

A Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 que se está a tramitar non require a modificación do Catálogo do PXOM vixente, en relación cos elementos catalogados presentes no ámbito polos motivos xa explicados na memoria, que se resumen a continuación:

O CASTRIÑO DE CONXO

- Nivel de planeamento xeral:

Non se alteran as condicións recollidas no Catálogo do Plan xeral vixente.

- Nivel de planeamento de desenvolvemento:

As novas condicións que poidan resultar dos traballos de investigación arqueohistórica que se van a levar a cabo no ámbito con carácter previo á aprobación do plan parcial incluíranse no catálogo do propio do plan parcial.

O CAMIÑO PORTUGUÉS

- Nivel de planeamento xeral:

A adaptación do PXOM ao trazado definitivamente aprobado dos distintos camiños de peregrinación será obxecto dunha Modificación puntual do PXOM de carácter específico, que estudará os trazados dos camiños de peregrinación no seu conxunto e a súa incidencia nas determinacións do PXOM vixente. No marco deste traballo efectuarase a corrección do Catálogo do PXOM que resulte procedente.

- Nivel de planeamento de desenvolvemento:

As condicións de catalogación específicas que podan corresponder ao tramo do Camiño Portugués incluído no ámbito do Plan parcial do SUD 9-10 incorporaranse no catálogo do propio do plan parcial, en coherencia coas determinacións que poida establecer o planeamento específico.

Santiago de Compostela
A xefa da Sección de Planeamento do Concello
Esther Sánchez Espiñeira, arquitecta
Asinado electronicamente